



CIG-SAÚDE manifesta a súa desconformidade coa aplicación que o SERGAS está a facer dos acordos recollidos na ACTA DE FIN DE FOLGA DOS PACs, de data 17/07/2019.

Entendemos que a Administración, coas prazas que vai dotar no orzamento do ano 2020, non está a cumprir o recollido nos puntos 4 e 5 da ACTA do devandito acordo.

ACTA DE ACORDO :

Punto 4.- Dotación de Persoal

A administración, previa revisión dos plan funcionais, atendendo a diferentes parámetros creara as prazas necesarias para poder realizar unha adecuada asistencia de calidade nos PACs.

Punto 5.- Equipos Completos

Estudo no ano en curso para solventar o déficit de persoal de enfermaría, priorizando inicialmente aqueles PACs onde exista un único efectivo de enfermeira.

Este é o incremento de persoal que vai facer o SERGAS en aplicación dos dous puntos anteriores. Que nalgunha área sanitaria non cubre as necesidades de persoal recoñecidas polas propias xerencias.

Estas prazas están incluídas nos orzamentos 2020, polo que a autorización de cobertura producirase a partires do 1 de xaneiro de 2020.

Creación de novas prazas nos PACs: 7 médicxs, 16 emfermeirxs		
Xerencia	Médicx	Enfermeirxs
Coruña	2	2
Santiago	1	1
Lugo	1	2
Ourense	1	3
Vigo	1	2
Pontevedra	1	3
Ferrol		3

Indemnización por manutención.

Desde CIG-SAÚDE tamén esiximos o cumprimento deste punto, na acta de acordos recollese abonar dúas dietas de manutención na contía do acordo 2008/12. Acordo incumprido polo SERGAS, nomeadamente na xerencia de Ourense. O SERGAS quedou en volver pensalo e darnos unha resposta.

Uniformidade.

O SERGAS vai facer entrega no mes de xaneiro de dous equipos de protección individual a cada traballadorx de PACs, con unha ficha técnica que recolle as características do equipo.

Unha vez clarificado no debate **a diferencia entre un uniforme e un equipo de protección individual**, e tendo manifestado o persoal de PACs que o uniforme non se adapta as condicións da prestación de traballo que realizan, **desde CIG-SAÚDE solicitamos que desde a dirección xeral de asistencia sanitaria se faga un estudo para a correcta dotación dos uniformes nos PACs.**

CIG-SAÚDE demanda que as acordos son para cumprilos co compromiso co que foron acadados, e non para facer interpretacións restritivas na súa aplicación.